

Modulo 4: Comunicar



Xoanca Albarelllos, Benxa Salgado

CC: by-nc-sa

contido

Escenario	2
Autores	2
Dereitos	2
Descrición	2
Obxectivos	2
Criterios de avaliación	3
Recursos para o profesorado	3
Tratamento das competencias.....	4
Dimensión comunicativa da competencia dixital.....	4
Proposta	5
Desenvolvemento.....	7
O lugar onde eu vivo.....	7
Temporalización da unidade	10
Recursos	11

Escenario

ETAPA: 3º ciclo de educación primaria

ÁREAS: Interdisciplinar

AUTORES: Xoán Carlos Albarellos e Benxamín Salgado

DEREITOS: CC (by-nc-sa)

DESCRICIÓN

"As redes informáticas ofrécennos unha perspectiva moi diferente da do ordenador solitario. En principio rachan o illamento tradicional das aulas, abríndoas ao mundo. Permiten a comunicación entre as persoas eliminando barreiras de espazo e tempo... están transformando radicalmente o que rodea ás escolas, é dicir, o mundo". [Jordi Adell]

As redes sociais son unha clara mostra das posibilidades de comunicación que internet nos ofrece e que podemos doadamente utilizar como ferramenta no desempeño da labor educativa. Pero comunicarse é moito máis que a mera transmisión de mensaxes, por iso no ensino temos o reto de construír espazos de traballo colaborativo onde a comunicación teña pleno sentido: escoitar, opinar, debater, propoñer, contrastar, crear... xuntos/as.

Temos hoxe á nosa disposición ferramentas moi útiles para este cometido que cumpren coas condicións de privacidade e seguridade que o traballo co noso alumnado require.

Faremos unha proposta concreta, tanto de metodoloxía coma de contidos, ferramentas e recursos para amosar estas posibilidades da comunicación.

Dende unha formulación sinxela das tarefas a conseguir, trataremos neste módulo de organizar ao alumnado para o traballo en equipo centrándonos nos procesos de comunicación para que o traballo colaborativo sexa operativo e satisfactorio.

OBXECTIVOS

- Avanzar no coñecemento dos códigos orais e escritos da lingua para utilizalos con soltura coa finalidade de facerse entender.
- Comprender a importancia do traballo en equipo para a resolución de tarefas.
- Utilizar as presentacións multimedia de xeito autónomo para comunicar ideas e proxectos.
- Coñecer as normas básicas de utilización das redes sociais e poñelas en

- práctica.
- Descubrir o potencial da comunicación en rede.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participa activamente nos procesos de traballo en equipo.
- Utiliza as ferramentas de comunicación autonomamente.
- Entende e cumpre as normas das redes sociais.
- É quen de facer achegas persoais ao traballo.
- Desenvolve a comunicación escrita e oral conforme ao nivel madurativo.

RECURSOS PARA O PROFESORADO

- Presentacións multimedia. Documentación e titoriais.
- Rede social educativa: Edmodo.
- Metodoloxía para o traballo na aula.
- Ferramentas web 2.0 complementarias: Escritorio virtual Web 2.0

Tratamento das competencias

Dimensión comunicativa da competencia dixital

Utiliza recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.

Emprega tecnoloxías da información e a comunicación para o tratamento, deseño e creación de imaxes, e para a difusión dos traballos elaborados.

Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para ler, escribir e transmitir información.

Escribe frases e textos curtos significativos en situacións cotiás e escolares a partir de modelos cunha finalidade determinada e cun formato establecido, tanto en soporte papel como dixital.

Participa activamente en contornas virtuais de aprendizaxe, redes sociais e espazos telecolaborativos.

Contribúe á aprendizaxe mutua con ferramentas dixitais

Proposta

TÍTULO: “O lugar onde eu vivo”

NIVEL: 6º de primaria.

ÁREAS: Coñecemento do medio, lingua castelá, lingua galega e plástica.

INTRODUCCIÓN:

Durante a escolarización en educación infantil e primaria o currículo recolle numerosas propostas de traballo coa intención de afondar no coñecemento do entorno máis próximo dos nosos alumnos e alumnas e, a partir do mesmo, ampliar horizontes para ir descubrindo o mundo. Ao chegar ao terceiro ciclo de primaria incídese en aspectos máis amplos da realidade social á que pertencemos pero esquecéndonos moitas veces de cotexar esas aprendizaxes coa propia realidade do entorno do noso alumnado.

Se durante o traballo coas unidades de coñecemento do medio, correspondentes ao estudo da sociedade na que vivimos, somos capaces de inverter de novo o proceso para incidir no estudo e análise do que xa coñecemos, do que nos rodea, do noso, e ampliálo con novas perspectivas estaremos proporcionando o soporte para entender mellor outras sociedades e outras culturas en base as características diferenciais destas con nós mesmos, contribuíndo sen dúbida á súa formación como cidadáns.

Esta proposta, sinxela na formulación e máis complexa no proceso, pretende que o alumnado recolla, analice, investigue... sobre o seu entorno máis próximo para logo, e mediante un traballo en equipo, sexa quen de procesar esa información para concretala e comunicarlle a outros. Utilizaremos unha rede social para desenvolver o proceso construtivo (como medio), e concretaremos os resultados nunha presentación multimedia.

O profesorado terá o cometido de coordinar o proceso, dende a organización dos equipos ata a publicación e/ou exposición dos resultados, pasando polo apoio e control do funcionamento das ferramentas propostas.

As actividades do alumnado estarán encamiñadas ao desenvolvemento de tarefas de investigación e recolleita de datos segundo os seguintes aspectos:

Localización	<ul style="list-style-type: none"> - Mapas e fotos para a situación xeográfica
A paisaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Vivenda: Tipoloxía xenérica. - Territorio: Concello, parroquia, barrios, aldeas, urbanizacións, vila, cidade... - Ecosistemas: campo, montaña, mar, cidade, mixto...
Oficios	<ul style="list-style-type: none"> - Bases económicas da zona. - Profesións habituais - Industria - Comercio - Emigración e inmigración...
Produtos	<ul style="list-style-type: none"> - Produtos propios, do campo, do mar... - Da industria. - Da artesanía
Historia	<ul style="list-style-type: none"> - Datos históricos máis relevantes. - Patrimonio etnográfico. - Monumentos, edificios artísticos... - Museos e exposicións. - Persoeiros importantes, históricos e actuais.
Tradición	<ul style="list-style-type: none"> - Festas e celebracións tradicionais. Cando e porqué se celebran.
Xogos	<ul style="list-style-type: none"> - Xogos típicos da zona: dos nosos pais e avós, xogos actuais. - Deportes e outras diversións.
Comunidade	<ul style="list-style-type: none"> - Casa do Concello (se é o caso) - Outros espazos de encontro e relación social: casa da cultura, bibliotecas, espazos deportivos, áreas recreativas, centros educativos (a nosa escola)...

DESENVOLVEMENTO

O lugar onde eu vivo		
<p>Tarefas previas do profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O traballo colaborativo a través dunha rede social (ou aula virtual). - Creación de presentacións multimedia. <p>Este apartado serve para iniciarse nas ferramentas propostas e non ten porqué estar vinculado necesariamente a este proceso, se xa o temos traballado con anterioridade, pero é imprescindible para desenvolve-lo.</p> <p>Propoñemos traballar con “Edmodo” polas posibilidades comunicativas e organizativas que nos ofrece. O profesorado terá que crear un curso (grupo) co seu alumnado para poder desenvolver as propostas que facemos neste módulo (isto require que o alumnado se registre tamén no grupo creado). O profesorado que descoñeza a ferramenta pode descubri-la no vídeo-tutorial que aportamos ou na numerosa documentación que existe na rede sobre a mesma.</p> <p>Para a elaboración de presentacións multimedia temos varias posibilidades. Se o noso centro dispón das “Google Apps educativas” podemos traballar directamente coa ferramenta de presentacións de Google Drive, ideal para o traballo en equipo. De non ser así, propoñemos como alternativa traballar con “Impress” (de Libre Office. Presente nos equipos Abalar). Outra posibilidade é o programa “Power-Point” para os centros que dispoñan do mesmo.</p> <p>Propoñemos ao profesorado a presentación “Para facelo sinxelo”, co fin de que poida preparar os conceptos máis importantes que logo deberán traballar os alumnos/as. Esta pode ser completada con achegas do propio profesorado (presentámola en tres formatos, para non ter problema con ningunha ferramenta, “pptx”, “odp” e a propia de “Google Drive”).</p>		<p>Enl-1</p> <p>Enl-2</p> <p>Enl-3</p> <p>Enl-4</p>
Profesorado	<p>Presentación da actividade: o lanzamento da activade terá fundamentalmente un carácter motivador.</p> <p>Propoñemos unha actividade de imaxinación. A partir da lectura colectiva na aula de algúns fragmentos do libro “Memorias dun neno labrego” onde podemos atopar descrições de lugares, personaxes e distintos espazos, o alumnado deberá facer unha actividade plástica intentando expresar a través de debuxos/pintura como era a paisaxe e os espazos que se describen da aldea do protagonista.</p> <p>Logo de ter desenvolva esta actividade propoñemos na aula facer unha reportaxe do lugar onde vivimos, a través dunha presentación multimedia.</p>	
Profesorado	Consellos para crear unha presentación multimedia.	Enl

	<p>Como traballo previo debemos traballar algúns conceptos importantes para crear unha presentación atractiva e para facilitarlles o traballo.</p> <p>Propoñemos a proxección da presentación “<i>Para facelo sinxelo</i>”, coa que podemos ir reflexionando e debatendo o que nos propón.</p>	
Alumnado-gran grupo	<p>Establecemento dos equipos:</p> <p>Os equipos estarán formados por nenos e nenas da mesma parroquia, barrio ou lugar, e dependendo da cantidade poderemos establecer varios equipos que traballen sobre o mesmo, para facelo máis operativo. Non deberían de ter máis de 4-5 membros. No caso de nenos/as que non teñen máis compañeiros da súa zona procuramos crear algún grupo mixto, de xeito que desenvolvan o traballo de dous lugares.</p>	
Alumnado-equipos	<p>Fase de investigación.</p> <p>Desenvolverase a recolleita de datos, segundo o esquema proposto de contidos a elaborar. Utilizaremos Edmodo como soporte de organización e clasificación dos mesmos e ao mesmo tempo como espazo para a comunicación entre os membros dun equipo fora do horario de contacto directo na aula, o que nos permitirá dedicarlle moito máis tempo á actividade.</p> <p>Deberían recoller documentación xa elaborada, en páxinas web do seu concello ou na Galipedia, e crear a súa propia a través do que xa coñecen e de entrevistas con membros da familia ou veciñanza.</p> <p>Tamén é importante crear un banco de imaxes (no propio Edmodo) das mesmas fontes e de creación propia.</p> <p>O profesorado creará carpetas para cada equipo en Edmodo (ver vídeo-tutorial), para facilitarlles a estruturación da documentación que vaian creando. Cada carpeta levará o nome dos apartados da presentación modelo que aportamos ou calquera outro que lle pareza oportuno e que se acorden co grupo.</p>	<p>Enl-1</p> <p>Enl-2</p>
Alumnado-equipos	<p>Fase de creación: cada equipo ten que concretar nunha presentación multimedia os resultados da súa recolleita e investigación.</p> <p>Tomaremos como base a presentación modelo que propoñemos. Segundo a experiencia do alumnado poderán utilizala tal cal, ou facer todos os cambios que lle parezan necesarios para presentar o seu traballo. (O modelo ofrécese en tres formatos, “pptx”, “odp” e o propio de “Google Drive” segundo a ferramenta a utilizar)</p> <p>É necesario visualizala previamente de xeito colectivo e acordar as partes da mesma (se queda así, se engadimos algún novo, se</p>	<p>Enl-1</p> <p>Enl-2</p> <p>Enl-3</p> <p>Enl-4</p> <p>Enl-5</p> <p>Enl-6</p>

	<p>cada equipo define as súas...).</p> <p>As ferramentas para crear a presentación poden ser: Google Drive Impress (Libre office ou Open Office) Power Point (Microsoft)</p>	
Alumnado-gran grupo/equipos	<p>Exposición dos resultados: finalmente os equipos presentan ao resto dos compañeiros e compañeiras o seu traballo.</p> <p>Podemos publicar logo todas as presentacións (no blogue de aula, na web do centro...) se as exportamos ao formato "pdf", ou ben compartíndoas dende "Google Drive" ou mesmo subíndoas a espazos como "Slideshare".</p>	
Ampliación: para aprender máis.		
<p>A partir de toda a documentación elaborada e/ou recollida estamos en disposición de poder cotexar e analizar a información que sobre o lugar onde vivimos figure na Galipedia (versión galega da Wikipedia). Así poderíamos participar activamente nunha das propostas de traballo colaborativo máis exitosas da rede.</p> <p>Teríamos que:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Estudar os datos que xa figuran na mesma. 2. Acordar se hai algo que nos pareza erróneo. 3. Seleccionar na información que dispoñemos aquela que non figura na wiki. 4. Corrixir esa información para poder publicala sen erros ortográficos nin gramaticais. 5. Seleccionar as imaxes da nosa autoría que queiramos incluír. 6. Rexistrarnos na Galipedia como usuarios/as (podemos facelo como grupo, para que o profesorado se encargue do traballo de actualización, ou que cada equipo faga un rexistro para facelo entre todos/as). 7. Editar as partes da entrada na wiki nas que decidamos incluír ou cambiar a información e incorporar os nosos textos e imaxes, e se é preciso crear novas entradas. <p>A Galipedia, e a Wikipedia, dispoñen de información sobre como participar nas mesmas.</p>		EnI
Exemplo de traballo na Wikipedia nun centro de primaria		EnI-1 EnI-2

Temporalización da unidade	
Actividade	Horario
Presentación	Unha sesión (1 h.)
Investigación e elaboración da documentación en equipo	Dúas sesións (2 h.) e traballo fora do horario escolar (durante unha semana)
Creación da presentación	Dúas sesións (2 h. na semana seguinte)
TOTAL: 5 horas en sesións presenciais durante dúas semanas. Non se contabiliza o traballo fora do horario escolar, que será determinado por cada equipo segundo as súas necesidades.	

Recursos

CEIP SAN WALABONSO colegio de educación infantil y primaria NIEBLA

Tipo	Páxina Web
Resumo	Experiencia de traballo sobre a localidade e a creación posterior dunha entrada na Wikipedia.
Título da páxina web	CEIP San Walabonso
URL	http://www.juntadeandalucia.es/averroes/sanwalabonso/nuestro_publico.htm
Accedido	mércores, 20 de marzo de 2013 11:10:09
Idioma	Castelán
Data de adición	mércores, 20 de marzo de 2013 11:10:09
Modificado	mércores, 20 de marzo de 2013 11:11:34

Concellos de Galicia

Tipo	Páxina Web
Resumo	Información e enlaces sobre os concellos de Galicia.
Título da páxina web	Concellos
URL	http://www.concellos.info/
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:00:23
Idioma	Galego
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:00:23
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:01:47

Consellos_presentacións - Google Drive

Tipo	Páxina Web
Resumo	Presentación multimedia con consellos básicos de como crear unha presentación. Destinatarios: alumnado de 3º ciclo de primaria e profesorado.
Título da páxina web	Para facelo sinxelo
URL	https://docs.google.com/presentation/d/1Cm0NC_EFHVuRwdru_bDAdl4A8URAHjhYXvop0rtHNJU/edit?pli=1#slide=id.p
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:15:12
Idioma	galego
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:15:12
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:16:52

Curso de PowerPoint 2007

Tipo	Páxina Web
Resumo	Curso: Powerpoint 2007
Título da páxina web	Aula Clic
URL	http://www.aulaclitic.es/power2007/index.htm
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:43:41
Idioma	castelán
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:43:41
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:45:03

Galipedia - Wikipedia, a enciclopedia libre

Tipo	Páxina Web
Resumo	Versión galega da Wikipedia
Título da páxina web	Galipedia
URL	http://gl.wikipedia.org/wiki/Galipedia
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:18:05
Idioma	Galego
Dereitos	CC
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:18:05
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:18:58

Galipedia.pdf - Wikipedia, a enciclopedia libre

Tipo	Páxina Web
Resumo	Manual para traballar na Galipedia
URL	http://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Ficheiro:Galipedia.pdf&...
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 13:03:07
Idioma	Galego
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 13:03:07
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 13:03:58

Google Docs: Crea y publica presentaciones - Google Drive

Tipo	Páxina Web
Autor	Silvina Carraud
Resumo	Manual básico para crear unha presentación en Google Drive.
Título da páxina web	Crea y publica presentaciones
URL	https://docs.google.com/presentation/d/1rSoLUncdXYaf0ux82XXZXpK4frymehXXJ4KaKOGXUgM/edit?pli=1#slide=id.p

Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:38:17
Idioma	Castelán
Dereitos	CC BY NC SA
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:38:17
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:39:44

Modelo presentación_ Onde vivo. - Google Drive

Tipo	Páxina Web
Autor	Xoanca Albarellos
Autor	Benxa Salgado
Resumo	Modelo de presentación para desenvolver polo alumnado do 3º ciclo de primaria sobre "o lugar onde vivo"
Título da páxina web	presentación MM
Título corto	O lugar onde eu vivo
URL	https://docs.google.com/presentation/d/1teiCgfyZOnl719Wj9Prj2OCwZ2Aw6vZx5jCdFfuV49Q/present?pli=1&ueb=true#slide=id.gb43a928e_2_75
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:12:13
Idioma	Galego
Dereitos	CC BY NC SA
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:12:13
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:13:56

Niebla (España) - Wikipedia, la enciclopedia libre

Tipo	Páxina Web
Autor	CEIP San Walabonso
Resumo	Entrada da Wikipedia sobre o pobo de "Niebla". Experiencia de traballo dun grupo de educación primaria.
Título da páxina web	Wikipedia - Niebla
URL	http://es.wikipedia.org/wiki/Niebla_(localidad)
Accedido	mércores, 20 de marzo de 2013 11:11:48
Idioma	Castelán
Data de adición	mércores, 20 de marzo de 2013 11:11:48
Modificado	mércores, 20 de marzo de 2013 11:12:56

O IMPRESS

Tipo	Páxina Web
Autor	AGASOL
Resumo	Manual Impress (para elaboración de presentacións multimedia)
Título da páxina web	O Impress
URL	http://centros.edu.xunta.es/cfr/santiago/impress/
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:50:11

Idioma	Galego
Dereitos	CC BY SA
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:50:11
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:51:14

Video tutorial Edmodo

Tipo	Páxina Web
Autor	Xoanca Albarellos
Autor	Benxa Salgado
Resumo	Vídeo-tutorial sobre a ferramenta de traballo
Título da páxina web	Vídeo-tutorial para o profesorado
URL	http://aprendendo.eu/docs/4-edmodo/index.html
Accedido	martes, 19 de marzo de 2013 12:25:02
Idioma	Galego
Dereitos	CC BY NC SA
Data de adición	martes, 19 de marzo de 2013 12:25:02
Modificado	martes, 19 de marzo de 2013 12:27:31